



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Procesos e Deseños da Investigación Social		Código	615545002
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Masso Lago, Matilde	Correo electrónico	m.masso@udc.es	
Profesorado	Golías Pérez, Montserrat Masso Lago, Matilde	Correo electrónico	montserrat.golias@udc.es m.masso@udc.es	
Web	<a href="http://esomi.es/">http://esomi.es/</a>			
Descripción xeral	Esta materia, supón o afondamento na epistemoloxía da investigación social, a adquisición dos coñecementos e ferramentas para a elaboración, xestión e avaliación dun proxecto de investigación aplicada no ámbito público e privado, de acordo aos principios éticos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Diferenciar entre distintos paradigmas de investigación social e ser capaz de combinalos de forma orixinal, creativa e nova para o deseño dunha investigación social básica ou aplicada e coñecer e aplicar os principais avances realizados recentemente na epistemoloxía da investigación social e utilizarlos para identificar problemas e retos sociais emergentes en contextos de investigación científica altamente especializados.	AM10 AM11 AM20 AM23	
Coñecer os principios éticos da investigación social, os protocolos existentes de protección de datos, os formularios de consentimento informado, así como os componentes dun informe a este respecto. Deben estar capacitados/as para seleccionar os procedementos adecuados que garantan o mantemento dos principios éticos en distintos contextos de investigación social.	AM5 AM12	
Saber cales son as distintas fontes de financiamento da investigación social e elaborar proxectos de investigación competitivos con diferentes deseños en función do obxecto de estudio. Así como desenvolver as habilidades necesarias para participar en proxectos de investigación en contextos interdisciplinares.	AM16 AM19	

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1. A avaliación no contexto do deseño de proxectos sociais.	1.1. A planificación como metodoloxía de traballo: o plan, o programa e o proxecto. 1.2. Análise de contextos e diagnoses: metodoloxías e técnicas para a diagnose de contextos sociais; matriz DAFO e sociogramas. O potencial das metodoloxías participativas. 1.3. Obxectivos xerais, obxectivos específicos e obxectivos operativos: diferenza entre tipos de obxectivos no proxecto. A vinculación entre os obxectivos e os instrumentos de avaliação. 1.4. A metodoloxía. A construcción da metodoloxía a partir do Enfoque do Marco Lóxico. A diferenza por fases na acción planificada. O cronograma. O plan de comunicación. 1.5. A avaliação do proxecto: Conceptos clave, ética política e calidad da avaliação.
Tema 2. Fases avaliativas: avaliação das necesidades, evolución do proceso, avaliação final, seguimento e control.	2.1. Os tipos de Avaliación. Pola súa localización temporal. Segundo o seu obxecto. Por quen a fai. Polos seus instrumentos. 2.2. A análise estratégica e o proceso da avaliação. A programación en avaliação e os Termos de Referencia. Momentos na execución da avaliação. Axentes en avaliação. Os ?stakeholders?.
Tema 3. Tipos de sistemas e metodoloxías avaliativas.	3.1. O deseño metodológico da avaliação. Tipos de deseño (cuantitativo, cuantitativo e participativo). Os criterios de avaliação (o EML): Eficiencia, eficacia, impacto, pertinencia, viabilidade e cobertura. A operacionalización: os indicadores da avaliação.
Tema 4. Instrumentos avaliativos en programas / proxectos sociais.	4.1. As principais técnicas de avaliação: vantaxes e inconvenientes. As técnicas cuantitativas: a enquisa. As técnicas cualitativas: a entrevista, o GD, a observación directa. A metodoloxía participativa.
Tema 5. Ética da investigación social.	5.1. Principios éticos que rexen na investigación social, regulación existente e principais protocolos aplicables en distintas disciplinas científicas dentro do Estado español e da Unión Europea 5.2. Claves para a elaboración dun informe sobre o mantemento dos principios éticos na investigación social e cuestións prácticas sobre a ética na formulación dos proxectos e na aplicación das técnicas de investigación.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A5 A11 A12 A16 A19 A20 A23	11	44	55
Obradoiro	A5 A11 A12 A16 A19 A20 A23	6	12	18
Presentación oral	A11 A16 A19 A23	4	12	16
Sesión maxistral	A10	16	16	32
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------



Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela das profesoras e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de ?como facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudiantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe por parte das docentes.</p> <p>O traballo tutelado consiste na elaboración dun proxecto de investigación social aplicada completo, tendo en conta todas as fases, así como as cuestiós éticas para a súa elaboración.</p> <p>Para o alumnado presencial, o traballo desenvolverase en grupo, e deberá ser presentado por escrito (a través do sistema habilitado para iso na aula virtual) e oralmente.</p> <p>Para o alumnado en modalidade a distancia, ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia o traballo realizarase de forma individual, e tamén deberá ser entregado por escrito (a través do sistema habilitado para iso na aula virtual) e exposto a través de medios telemáticos.</p> <p>Tanto o alumnado presencial como en modalidade a distancia, disporán de instrucións e rúbricas diferentes para a súa elaboración, que será publicadas na aula Virtual da materia.</p>
Obradoiro	Realización de actividades prácticas nas que se combinan diferentes probas: lecturas, debates, análises de fontes secundarias, resolución de problemas, role play, trátase de prácticas realizadas co apoio e supervisión da profesora da materia, que percorrerán todas as fases da elaboración dun proxecto de investigación, e por tanto servirán de guía para a correcta realización do traballo tutelado.
Presentación oral	O proxecto de investigación (traballo tutelado), deberá exporse oralmente, a través das vías indicadas polas profesoras. A cualificación obtida na presentación será de carácter individual.
Sesión maxistral	A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida polo profesorado en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. A sesión complementarase co uso de medios audiovisuais e a combinación coas actividades do taller, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Motivarase e valorarase a participación dos alumnos, mediante preguntas ou/e debates.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	1. Levarase a cabo un seguimento personalizado do traballo tutelado, tanto nas sesiós de traballo que se desenvolvan na aula como no horario oficial de titorías (presencial ou a través de Teams)
Obradoiro	2. No caso de alumnado da modalidade en liña ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, as titorías poderán levarse a cabo de maneira virtual (Teams).
	O material de traballo facilitado na clase incorporarase a plataforma virtual da materia.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
--------------	---------------------------	-------------	---------------



Traballos tutelados	A5 A11 A12 A16 A19 A20 A23	O traballo tutelado consiste na elaboración dun proxecto de investigación social aplicada completo, tendo en conta todas as fases, así como as cuestións éticas para a súa elaboración.  Para o alumnado presencial, o traballo desenvolverase en grupo, e deberá ser presentado por escrito (a través do sistema habilitado para iso na aula virtual) e oralmente.  Para o alumnado en modalidade a distancia, ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia o traballo realizarase de forma individual, e tamén deberá ser entregado por escrito (a través do sistema habilitado para iso na aula virtual) e exposto a través de medios telemáticos.  Tanto o alumnado presencial como en modalidade a distancia, disporán de instrucións e rúbricas diferentes para a súa elaboración, que será publicadas na aula Virtual da materia.	90
Presentación oral	A11 A16 A19 A23	O proxecto de investigación (traballo tutelado), deberá exporse oralmente, a través das vías indicadas polas profesoras. A cualificación obtida na presentación será de carácter individual.	10

#### Observacións avaliación

Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación: traballos tutelados e exposición oral, serán iguais aos propostos para a 1ª convocatoria.

É obligatorio resolver as actividades de forma razonada, apoiando e argumentando en base aos documentos da materia e outros que poidan considerarse de interese.

O uso indebido de citas e referencias bibliográficas pode resultar nunha sanción na cualificación final e o plaxio no suspenso da materia

A entrega dos traballos que se realicen nesta materia realizarase a través da ferramenta habilitada para iso na aula virtual, en formato dixital e nas datas indicadas polo profesorado.

#### Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Aguilar Idáñez, M.J.; Ander-Egg, E. (1992). Evaluación de servicios y programas sociales. Madrid : Siglo XXI</li><li>- Ander-Egg, E.; Aguilar Idáñez, M.J. (2005). Cómo elaborar un proyecto : guía para diseñar proyectos sociales y culturales . Buenos Aires : Lumen/Humanitas</li><li>- Casal Otero, L. (2006). Gestión de proyectos elementos básicos a tener en cuenta como punto de partida para realizar eficazmente su proyecto. Vigo : Ideasproprias</li><li>- Cohen,E.; Franco, R. (1993). Evaluación de proyectos sociales. Madrid : Siglo XXI</li><li>- García Herrero, G.A.; Ramírez navarro, J.M. (1996). Diseño y evaluación de proyectos sociales.. Zaragoza: Ed. Libros Certeza.</li><li>- García Roldán, J.L. (1995). Cómo elaborar un proyecto de investigación. Alicante : Universidad</li><li>- Instituto Universitario de Desarrollo y Cooperación (2012). El enfoque del marco lógico : manual para la planificación de proyectos orientada mediante objetivos.. Madrid : Los Libros de la Catarata</li><li>- Martí, J. (2000). "La investigación acción participativa: estructura y fases"; En, Villasante, T.R.; Montañés, M; Martí, J. La investigación social participativa. Construyendo ciudadanía. Vol I.. Barcelona : El Viejo Topo</li><li>- Nirenberg, O.; Brawerman,J.; Ruiz, V. (2000). Evaluar para la transformación innovaciones en la evaluación de programas y proyectos sociales. Buenos Aires : Paidós</li><li>- Pérez Serrano, G. (1996). Elaboración de proyectos sociales. Madrid: Narcea S.A. de Ediciones.</li><li>- Santana Leitner, A. (2013). Fundamentos para la investigación social. Madrid: Alianza Editorial</li><li>- VV.AA. (2001). Manual de Gestión del Ciclo de Proyecto. COMISIÓN EUROPEA</li></ul> <p>NOTA: Esta bibliografía é susceptible de ser modificada a medida que avanza o curso académico co fin de adecuarse ás necesidades formativas do alumnado</p>
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- Baca Urbina, G. (2006). Evaluación de proyectos. México: McGraw-Hill</li><li>- Camacho, H.; Cámara, L.; Cascante, R.; Sainz, H. (2001). El enfoque del marco lógico: 10 casos prácticos.. Madrid: CIDEAL-ADC.</li><li>- Cordoba Padilla, M. (2006). Formulación y evaluación de proyectos . Madrid: ECOE Ediciones</li><li>- Martínez, J.L.; Aparicio, R. (eds.) (2005). El ciclo del proyecto diseño, gestión y evaluación de proyectos de inserción social de inmigrantes. Madrid : Universidad Pontificia Comillas</li><li>- Guinea-Martín, D. [coord.] (2012). Trucos del oficio de investigador : casos prácticos de investigación social. Barcelona : Gedisa</li></ul>
-----------------------------	--

#### Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Máster/615545013

Prácticas Externas/615545012

Técnicas de Investigación Cuantitativas e Métodos Mixtos/615545005

Técnicas de Investigación Cualitativas, Prospectivas e Participativas/615545004

#### Observacións

Ao ser unha materia obligatoria, cursarán todos os alumno/as matriculados no máster. Os requisitos de acceso son os requisitos xerais de admisión no máster.O alumnado deberá revisar periodicamente a plataforma virtual e consultar os documentos e actividades propostos.As profesoras comunicaranse co alumnado a través da aula Virtual ou do correo electrónico da UDC.A comunicación coa profesora deberase realizar mediante as canles institucionais e utilizando o correo electrónico da universidade.Nesta materia:Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.Terase en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.De acordo coas diferentes normativas de aplicación para a docencia universitaria, débese incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (utilizarse unha linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores e autoras, fomentarase a intervención en clase de todos os estudiantes, etc. Farase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e incidirá na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Así mesmo, respectarase o dereito á identidade de xénero.Facilitarase a plena integración do alumnado que, por motivos físicos, sensoriais, psíquicos ou socioculturais, experimente dificultades para un acceso adecuado, igualitario e rendible á vida universitaria.Sosterase o principio de debate democrático, escuchando e respetando todas as opinións diversas ao redor dos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías